

Os paxaros saben da miña obsesión por ti
a que me fai verte nos limóns
e nas pétalas das cerdeiras
e nas pegadas dos camiños
e no raposo morto daquela fotografía
cando eu sentín aquel arrepío
que me fixo chorar
e que as bágoas
caeran a golpes
sobre os campos arados.

COMPRIMIDO III



INMA DOVAL PORTO

(A Coruña, 1966) Estudou Historia de Arte. Artista plástica, interliga as suas exposicións de pintura, gravura e escultura con creacións literarias de sua autoria en forma

de poesía. Ilustrou o libro de Berta Dávila *“A fuxida”*, publicado pola Biblos. Actualmente ilustra para o Correio do Porto relatos do libro *O homem do saco de Cabedal*, de Francisco Duarte Mangas. No campo da escrita tem criado varios poemas, editados como libros de artista por arTeu, con texto e ilustración, entre eles *“Bebesme Cízico no canto das sereas”* (2015), *“Adagio”* (2014) e *“Diálogo para unha serea”* (2010), os dois últimos com fotografías de Xacobe Meléndrez Fassbender. Faz parte do grupo creativo arTeu, desde que o fundou e desenvolve actividades de gestão de projectos artísticos colectivos, exposicións e intercambios culturais. <http://inmadovalporto.wordpress.com>

Tatuaches ás turquesas
nas escapulas
para elevarte
sobre os espellos da inocencia.

COMPRIMIDO II

Eu son a ferida
cicatriz
fenda que supura amor
ti... O bálsamo.

COMPRIMIDO I

Setembro de 2015

Manter ao alcance e à vista das crianças e adultos

A BULA®

Comprimidos Literários



Este folheto contém informação importante para si. Leia-o atentamente.

COMPRIMIDO IV

Aleitáronme as queiroas
e durmín protexida
polo manto húmido da terra
xa estaban os peixes e os paxaros
e eu mudei a cor dos mares.

COMPRIMIDO V

Mentíronche
eras nena e non sabías de cores
nin de asombros.
O mar non é azul
e o río arrastra poemas
dende o muíño.

COMPRIMIDO VII

Alma Schindler
Remite: Oscar K.

Habitar o silencio
dos froitos dourados deitados na mesa
a morte anunciada de Isolda
e a voz de Alma
entre o arrecendo das mimosas
que cada día enviabas dende Dresde
boliñas de veludo
a esvarar o amor
no itinerario extinto
do pole na ferida.

COMPRIMIDO VI

My blueberry nights
(lembrando a Wong Kai-War)

A gata segue esperando
arrapaña o teu bote
de marmelada de arandos
no que xa non queda nada.

Todo é silencio
que invade
que invade
que invade
e eu pequena
no fondo dun caixón,
adormentada
entre dous poemas
dende o muíño.
e unha caixiña de regaliza

COMPRIMIDO VIII

I
n
v
e
r
n
O corpo só
no desamparo
rubindo polos tellados
baixo os que agora te deitas.

Repousa vagalume no océano.

COMPRESIMIDO IX

Blue mist

Xa andan os merlos
a levantar as sementes da tía ausencia
e non medrarán os amorodos
cos que vestías o meu corpo
os que despois comías lentamente
entre a brétema azul de Gillespie.

COMPRESIMIDO X

Bed-in

Hai un cuarto branco
para deter o tempo
un latexo
do teito aos ósos
*all we are saying is
give peace a chance*
nenufars sobre os corpos
no alfeizar das ventás
madreselvas
un ovvido branco
entre as pernas
para sandar a dor
*Revolución
Evolución*
Masturbación
roupas brancas
cubriendo os sexos
hai un cuarto branco
para calar o napalm
viruela negra
antrax
cianuro
*All we are saying is
give peace a chance*
hai un cuarto branco
para deter o tempo
no hotel Queen Elizabeth
en Montreal

COMPRESIMIDO XI

Pombalina

Afôgou o desexo na copa de viño
naquel bar de lámpadas art déco
e camelias nos floreiraos.

COMPRESIMIDO XII

Branca a terra e branco o corpo
o futuro detido na epiderme branca
o movemento das mans baixo o lenzo
branco o mapa do amor
a tecerse e destecerse entre as unllas
a lingua na tarde branca
brancos os paxaros
que dormen no desexo
os alumiños e os pronomes brancos
branco o caníño das ausencias
a boca que morde nos naufraxios branca
brancos os lirios a esvarar nas arterias
branco o fuxir dos soños
rebentando o vidro da xanela
a parede núa branca
dende os ollos
a brétema a encher os sucos
do baleiro
branca a fenda
a viaxe de volta muda e branca
brancos os fragmentos
do teu nome segmentados
no inverno branco.

Comprimidos Literarios de Irma Doval Porto

Fotografía de Xacobe Maléndrez Fassbender

5

Titular da Autorización de Introducción no Mercado e Fabricante: www.correiodoportopt

Este folheto foi aprobado pola última vez no día 31 de agosto 2015